


La Voz de Ourense


[Galicia](#) [Ourense](#)


Debate Autonomía # Parador Muxía # Operación Campión # Fusión concellos # Futuro BNG


xoves, 15 de marzo de 2012 Actualizado: 05:02 h


Compartir

 Tuitear 2

 Recomendar

 Google +1 0

 Tuenti

 Menéame

PVSFOTF

«O clima de Ourense é extremo para usar madeira no exterior»

E f g f o e f b t a b b i n j e b e f t p s t f s t v o s f d v s t p s f o p w b c n f f t p r i o b b o u j e b e f e f t p t j c j n j e b e f t r v f p g s f d f b s r v j f d u o j b n f o u f

RUBÉN NÓVOA

ourense / a voz 15 de marzo de 2012 05:00

★★★★☆ 6 votos

Utilidades

A+ A-  

O éxito da xornada internacional sobre revestimento de madeira, organizada polo CIS- Madeira, puxo a Ourense no punto de mira do sector. Manuel Touza, xefe da área de innovación de CIS-Madeira, avala este tipo de construcións.



-As xornadas foron un exemplo de colaboración entre empresas e institucións. O obxectivo era o de proporcionar información avanzada en canto a produtos e innovacións en revestimentos e pavimentos de exterior en madeira, así como presentar as estratexias de deseño construtivo e instalación que permitan garantir a máxima durabilidade.

-¿Cales son os materiais máis novos que se están aplicando na madeira a nivel construtivo?

-A modificación da madeira supón un desenvolvemento tecnolóxico sen precedentes que está a abrir novas expectativas, xa que coa madeira modificada obtemos un novo material con propiedades diferentes. Durante as xornadas en Ourense realizouse unha instalación permanente que quedará no edificio do CIS-Madeira e que se converterá nun laboratorio.

-¿ Atópase Ourense nunha boa posición no mercado?

-Ourense está moi ben situada de cara ao futuro . Nun radio de 25 quilómetros en torno ao CIS-Madeira dispomos dos representantes das mellores opcións de produtos de acabado existentes, e de materiais como a madeira acetilada, a madeira furfuralada e a madeira termotratada.

-¿Por que recomendaría o uso de madeira no revestimento dunha vivenda?

-Desde o punto de vista ambiental trátase dun recurso renovable con características sobresaíntes en canto á absorción de CO2. Arquitectónicamente ofrece todo tipo de



posibilidades de deseño e acabados.

-¿O clima ourensán pode ser un hándicap para este tipo de construcións?

-O clima de Ourense é extremo para a madeira no exterior, xa que posuímos un diferencial térmico diario que pode multiplicar por tres o de Alemaña. Ese clima debe ser tido en conta á hora de elaborar un proxecto. A pesar da rigorosidade do clima a propia fachada do CIS-Madeira, elaborada con madeira de cedro vermello do Pacífico hai máis de dez anos, é un exemplo de uso da madeira nestas condicións climáticas.

manuel touza xefe da área de innovación de cis-madeira



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A Coruña (España)
Inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña no Tomo 2438 do Arquivo,
Sección Xeral, aos folios 91 e seguintes, folla C-2141. CIF: A-15000649.

[Aviso legal](#)
[Política de privacidade](#)
[Condicións xerais](#)

WEBS DO GRUPO

[Radiovoz](#)
[V Televisión](#)
[Voz Audiovisual](#)
[Sondaxe](#)
[CanalVoz](#)
[Voz Natura](#)
[Fundación](#)
[Programa Prensa-Escuela](#)
[Escola de medios](#)

CONTACTA

[Contacto xeral](#)
[Cartas ao director](#)
[Envío de fotos](#)
[Envío de vídeos](#)

TARIFAS WEB

[Consultar](#)
[OJD](#)

REDES SOCIAIS

[Facebook](#)
[Twitter de La Voz](#)
[Twitter das edicións](#)
[Twitter de La Voz deportes](#)
[Tuenti](#)
[Google +](#)
[Portal de Youtube](#)

SERVIZOS

[Bolsa](#)
[Hemeroteca web](#)
[Procura de necrolóxicas](#)
[Buscavoz](#)
[Puntos de venda do periódico](#)
[Subscrición á edición impresa](#)